



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Historia da Arte

Curso Académico: Curso 2018-2019

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Finalizadas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Historia da Arte
Mencións/Especialidades	-----
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	-----
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	10/06/2009
Data renovación acreditación	11/03/2015

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada. Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

O Grado de Historia da Arte, ofertado na Facultade de Xeografía e Historia da USC, é unha titulación única no sistema universitario galego. Considérase que o perfil formativo/egreso continua sendo vixente e que é plenamente actual no contexto académico, científico e profesional.

Esta afirmación atópase avalada nos datos que proporcionan os indicadores de organización e desenvolvemento do Grado (IN01G-IN010G, IN12, IN17G-IN18G e IN22G) nos que se aprecia un resultado satisfactorio.

Tal e como figura no IN01G o número de prazas ofertadas, seguindo a pauta de descenso gradual iniciada no curso 2017-18, establécese en 90, sendo a matrícula dos alumnos de 96, o que supón a pesares do lixeiro incremento, unha firme tendencia á estabilización con respecto aos datos do curso anterior, tanto no número de matriculados (IN02G), de matriculados de novo acceso (IN03G), como no número de matriculados por preinscripción (IN04G), tendencia que conleva que a taxa de variación de matrícula experimente unha importante evolución positiva de 2.13, fronte aos -10.48 do curso anterior (IN05G), tendencia que tamén se aprecia na relación de estudantes preinscritos en 1º opción sobre as prazas ofertadas, na que se expresan niveis de 90, fronte aos 83.16 do anterior curso (IN10G).

Estabilidade, con lixeira variación, neste caso á baixa, que se reafirma tamén nos indicadores que recollen a nota media de acceso á titulación que, no curso 18-19 correspóndese con 8.44 fronte aos 8.66 do ano precedente (IN06G), o que implica que máis do 95% (95.79) dos estudantes matriculados supera a nota media de seis, indicador que, do mesmo xeito que os restantes está determinado pola estabilización, pero cunha pequena tendencia ao alza respecto de valores do anterior curso (95.65) (IN07G).

Tendencia á estabilidade, aínda que neste caso cun lixeiro ascenso, que tamén se observa na porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre o número de matriculados, no que se alcanza a cifra de 1.49, fronte ao 1.24 do ano anterior (IN09G), ou a lixeira variación, en sentido contrario, que se observa na porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados, no que se obtén 1.49, fronte a 1.73 que se experimentou o curso pasado (IN08).

Todos estes datos, con clara tendencia á estabilización, conlevan no entanto un repunte na taxa de ocupación no que se alcanza a cifra de 106,67, o que supón un incremento de case oito puntos con respecto ao curso anterior (IN12G).

Incremento que tamén se denota nos datos que aportan os indicadores relativos ao número de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados, no que se alcanza unha porcentaxe de 3.71, fronte a 3.22 (IN17G) e na porcentaxe de estudantes recibidos pola USC por mobilidade fronte aos matriculados, que presenta un incremento máis significativo que o anterior de 5.72, fronte a 3.22 do anterior curso (IN18G).

Sentido diferente ao recolleito nos datos de mobilidade é o que se produce no que respecta ás prácticas externas dos alumnos, nos que se aprecia un descenso motivado polo aumento do número de alumnos que, malia presentar solicitude para a realización non obteñen praza na primeira das convocatorias existentes para facelas e tampouco solicitan na segunda, o que se materializa nunha redución de case nove puntos con respecto ao ano anterior, tendo este curso 86.57 mentres que o anterior 95.24 (IN22G).

Valoración:

Como se indicou, considérase que a relevancia do título e o perfil formativo/egreso que presenta é idóneo e mantén plenamente a súa vixencia despois do tempo transcorrido desde o seu acreditación. No entanto, de cara ao seu mantemento no tempo, a Comisión de titulacións é consciente da necesidade de suscitarse a posibilidade de modificación da oferta formativa, para adaptala ás necesidades dunha sociedade cada vez máis cambiante. Igualmente outro dos datos a ter en conta de face ao mantemento da súa vixencia, é a necesidade de incrementar a oferta de prácticas externas para que se poida atender ás necesidades da demanda cunha maior eficacia.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

O Grado de Historia da Arte leva implantando case dez cursos académicos nos que se mantivo a oferta en módulos, materias e asignaturas definidas na Memoria de verificación do título (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12734&valor=9&estudio=12735&codEstudio=12332&orde=false>).

A pesar do mantemento da estrutura, si é certo que nestes anos leváronse a cabo unha serie de pequenos axustes derivados do desenvolvemento académico pola experiencia adquirida, para adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe dun xeito máis axustado ás necesidades dos alumnos e á dos docentes, o que motiva en ocasións, como se produciu ao longo destes anos, o cambio de cuatrimestre dalgunhas materias, ou diversos axustes derivados dos criterios introducidos nos diferentes informes de seguimento e acreditación presentados (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/sgic.html>).

Do mesmo xeito considérase que o número de alumnos existentes nas materias de formación básica e obrigatorias, como é lóxico, responde a un elevado número de matriculados, neles alcánzanse os niveis de 72.15 (IN55G), situación moi superior á das materias optativas nas que o índice rebáixase a 31.25 (IN56G), o que demostra, sen dúbida, a existencia dunha oferta optativa ampla e suficiente no plan de estudos.

Igualmente adecuado considérase nun título que ten un dos seus puntos fortes na presencialidade, a media que presentan os indicadores de alumnos por grupo de expositivas, nas que se alcanza o índice de 65.42, o que supón un lixeiro descenso con respecto ao curso precedente (IN31G), como nos grupos de interactivas, no que se acusa máis o descenso que no caso anterior alcanzando un 27.77 (IN32G), achacables ambos descensos á redución da oferta de prazas que se produciu no título e á que xa se fixo referencia, noutros puntos deste informe.

Valoración:

A implantación do Grado de Historia da Arte axústase plenamente ao recolleito na Memoria de verificación do título, ofertándose desde o súa implantación todas e cada unha das materias definidas na memoria. No entanto, e malia que os datos avalan a presenza de materias optativas equilibradas en canto á presenza de alumnos, si é certo que hai un número delas que resultan máis atractivas para o alumnado, o que non supón un problema tal e como se observa nos indicadores da titulación, senón que está determinado polo propio perfil do alumnado.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.

- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**Reflexión:**

O Grado se imparte en modalidade presencial, polo que a coordinación en labores docentes realízase de forma habitual entre os profesionais implicados na docencia do Grado. Esta coordinación prodúcese tanto de forma vertical como horizontal entre todos os cursos, así se dispón dun coordinador/a en cada un dos cursos, á vez que nun coordinador xeral do Grado.

Xunto con estes membros que integran a Comisión da titulación, que é a encargada de propoñer e adoptar medidas que poidan afectar de forma directa á mesma, o Grao, como titulación do Centro tamén coordínase en certos aspectos con outros órganos propios do Centro no que se imparte. Este é, por exemplo, o que sucede coas Prácticas Académicas Externas que se coordinan a través da Comisión de PAE do Centro, na que participan o coordinador de prácticas do Grado, que se encarga de todos aqueles aspectos que afectan a esta materia, incluída a coordinación dos tutores académicos das propias PAE.

Así se podería mencionar como exemplo das súas funcións aquelas nas que se realiza, previa á súa aprobación polo Consello de Departamento e pola Xunta de Facultade, a revisión das diversas materias para garantir que se axustan en todo iso ao que figura na Memoria do título e aos criterios determinados pola propia USC, en materia de asistencia a clase e coordinación docente (que non se reiteren contidos en diferentes programacións, que existan problemas de sobrecarga de traballo ou coincidencias no tempo dos mesmos ...).

Tamén se producen actividades de coordinación, para o propio Grado de Historia da Arte como para outros presentes no Centro, por parte dos órganos de goberno, como son as comisións delegadas da Xunta de Facultade e a propia Xunta, cuxos acordos son públicos na web do centro.

Exemplos desta coordinación, é a realización dos horarios docentes, nos que se evita na medida do posible, os baleiros na impartición das diferentes materias, de tal xeito que se optimice o tempo que o alumno pasa nas aulas, que sempre se produce nunha quenda concreta, de mañá ou de tarde, o que lle permite dedicar o resto da xornada a actividades complementarias ou de traballo autónomo, á vez que para aqueles alumnos que teñan asignaturas en diferentes cursos podan asistir ás diferentes clases.

A todo iso hai que sumar os diferentes labores de coordinación, a través da habilitación de aulas específicas de coordinación no Campus Virtual da USC, ferramenta que permite agilizar de forma segura a comunicación entre os docentes e os alumnos, facilitando as tarefas de coordinación entre todos os actores da titulación.

Valoración:

A coordinación considérase satisfactoria e resulta especialmente visible na coordinación dos profesores ao realizar as programacións, ou a presenza do alumnado nas diferentes comisións nas que se toman decisións respecto do funcionamento da titulación, ou se adoptan solucións de mellora para ela.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**Aspectos a valorar:**

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**Reflexión:**

No caso do Grado de Historia da Arte non conta cun perfil de acceso propio nin específico, senón que nel mantéñense os criterios de admisión xerais da USC. Malia a ausencia de perfil específico si conta con recomendacións. Así aconséllase que os aspirantes teñan un perfil humanístico, polo que serían calidades destacables: sensibilidade estética, a percepción do devir histórico, a capacidade de razonamiento lóxico e a capacidade de relación dos feitos históricos co contexto actual.

O feito de que se sigan os criterios xerais de acceso que se establecen pola USC fai que exista a posibilidade de que accedan á titulación diversos colectivos (AVAU e FP2/Módulos presenciales/ Ciclos formativos de Grado superior/ Titulados universitarios/ Maiores de 25 anos/ Maiores de 45 anos ...) con diferentes notas de corte (<https://www.usc.gal/es/servizos/oiu/acce.html>)

Malia esta procedencia dispar, o título non conta con ningún sistema de adaptación ou nivelación dos coñecementos dos alumnos, xa que o procedemento de nivelación dos alumnos prodúcese de xeito gradual ao longo de todo o cuatrimestre.

Valoración:

Os criterios de admisión utilizados considéranse os adecuados, xa que ao ser os xenerais da USC, garántense a igualdade de criterios que para outras disciplinas e a igualdade de oportunidades de todos os alumnos/as para o acceso.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**Reflexión:**

A aplicación das diferentes normativas vinculadas coa transferencia, o recoñecemento de créditos e a avaliación realízanse de forma satisfactoria e a elas o estudante pode acceder directamente a través da web do centro (<https://www.usc.gal/gl/normativa/estudiantes/index.html>).

Igualmente no que respecta ás materias especiais do título, como son as Prácticas Académicas Externas (PAE) ou o propio Traballo Fin de Grado (TFG), que contan cun reglamento específico aprobado pola Xunta de Facultade e o Consello de Goberno da USC (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Regulamento-TFG-Grao-en-Historia-dá-arte-.pdf> / <https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Regulamento-PAE-2018.pdf>), e que se atopa publicado na páxina web da Facultade.

Esta mesma canle é tamén utilizada para difundir as diferentes convocatorias que o centro abre respecto das normativas xerais existentes, como son o caso da solicitude de dispensa docente ou da de cambio de grupo para adaptarse ás directrices xerais dos títulos da USC (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Instrucion-I-2017-sobre-a-dispensa-de-asistencia-a-clase-en-determinadas-circunstancias.pdf>). Igualmente esta necesidade de adaptación se manifesta tamén nas diferentes guías docentes das materias nas que os profesores inclúen unha referencia ás distintas situacións académicas que os alumnos poden ter (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/programas.html?plan=12734>)

Valoración:

Conseguíuse a aplicación das normativas de forma satisfactoria para todos os actores implicados no desenvolvemento do título.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

A información e transparencia do título concéntrase en varios puntos. En primeiro lugar na propia web da USC, (<https://www.usc.gal/gl/estudios/graos>) na que se recollen todos aqueles aspectos xerais que lle afectan á titulación na súa calidade dun estudo de Grado, e as diferentes posibilidades que o alumno ten para coñecerlas de forma previa ao acceso, como é a través do Programa Aponte entre ou ensino medio e a USC, (<https://www.usc.gal/gl/perfis/futuros/aponte>), co que se trata de dar unha información concreta destinada basicamente aos alumnos de bachillerato interesados na titulación.

Outra fonte de información importante, e a Area de Orientación Laboral e de Emprego, servizo de carácter xeral para toda a Universidade, que transmite información respecto do título e das súas posibilidades profesionais, (<https://www.usc.é/é/servizos/saee/aol/>), co que a Facultade e os responsables do título participan na organización de actividades para facilitar a orientación laboral dos alumnos egresados.

Xunto con estas canles outra vía información a destacar é a web da propia Facultade na que se transmite dunha forma máis detallada información da titulación (información, obxectivos, competencias programacións, horarios ...) e de todos aqueles aspectos relacionados coa formación, ou outros asuntos útiles para o alumnos, mentres se atopa realizando os estudos. (convocatorias, bolsas, requerimentos da facultade, concursos culturais ...) (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12734&estudio=12735&codEstudio=12332&valor=9>).

Información que se complementa coa que de forma directa utilízase na propia Facultade, tanto nos taboleiros fixos de anuncios como nas pantallas dixitais que se dispoñen en todas as plantas, e que sofren proceso diario de actualización da información que se transmite, información que se actualiza diariamente por parte do persoal de servizos.

Xunto con esta información, debido ao carácter singular que teñen, tamén na web do centro figura un apartado específico respecto das Prácticas académicas externas (PAE) (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/pae.html>) e dos Traballos Fin de Grado (TFG) (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/tfg.html>) nas que figura a información detallada que os alumnos deben de coñecer á hora de matricularse e o procedemento a seguir. Información que se completa coa organización dunha charla, na que participan, os membros do equipo directivo e os responsables da titulación, que se anuncia públicamente nos calendarios correspondentes <https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Calendario-PAE-2019-20.pdf>, na web e nos sistemas de información referenciados e dispostos polo centro.

Este mesmo sistema de anuncio, neste caso no horario oficial da titulación, é o que figura tamén para os alumnos de primeiro curso, neste caso na primeira semana do curso académico, os responsables do centro e da titulación, así como responsables doutros servizos da USC, realizan unha charla informativa, dunha hora de duración, sobre todo o relativo á titulación e os diferentes servizos (idiomas, biblioteca, deportes ...) aos que poden optar os alumnos recen incorporados.

O espírito de información e transparencia tamén leva a publicitar na web os diferentes acordos adotados pola Xunta de Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/acordosxunta.html>) e polas Comisións derivadas da Xunta (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/acordoscomision.html>);

<https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/acordoscalidade.html>)

Igualmente dentro dos temas a analizar neste apartado de información, e o nivel alcanzado polo mesmo, pódese analizar, en relación coa satisfacción dos egresados coa información pública, na que aínda que está presente a tendencia de estabilización da maioría dos indicadores, obsérvase unha lixeira tendencia á baixa, alcanzando un 3.25 fronte ao 3.31 do ano anterior (IN23G).

Valoración:

As sucesivas melloras dos sistemas de información facilitou que o alumno teña, en todo momento, información da titulación e das distintas posibilidades que ten para cursarla. O devandito proceso que se realizou de forma progresiva e paulatina alcanzou un nivel importante de face á transparencia en todo aquilo que afecta o título.

No entanto para revertir a tendencia do descenso será necesario implementar de face ao curso que vén esforzos neste sentido para tratar de mellorar o sistema de información e transmisión da mesma.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

O Grao de Historia da Arte ten como marco de funcionamento o sistema de garantía de calidade da USC, que aínda que comeza no curso 2010-11, aos poucos se ha ir adaptando e simplificando (Modificación dos indicadores e informes disponibles, Manual simplificado) á realidade dos estudos universitarios que se ofrecen na Universidade compostelana.

Máis en concreto, o Grado de Historia da Arte, áchase sometido ao Sistema de garantía da calidade da Facultade de Xeografía e Historia, centro co que se vincula a titulación. Este sistema, conformado polo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos, foi modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do Centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2019.

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Manual-simplificado-do-SGIC-do-centro-2020.pdf> ;

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Manual-de-procesos-e-procedementos-do-SGIC-do-centro-2020.pdf>

Sistemas que permiten recoller e analizar a información necesaria para identificar e detectar as fortalezas e debilidades do título, así como realizar accións de mellora e o seguimento dos diferentes procesos adoptados.

Xunto con estes documentos que garanten que todos os procesos referentes ao título se realicen de forma homogénea, de tal xeito que se poden integrar con facilidade sistemas de mellora nas diferentes accións, ou a detectar posibles problemas que se den no marco do funcionamento cotidian do Grao.

Valoración:

Dispónse dun sistema de garantía que evolucionou, simplificándose e adaptándose á realidade da Universidade e que foi implantado de forma progresiva.

Nestes momentos queda pendente de realización o Plan Estratéxico, en espera do deseño do novo da USC, así como a Mención de calidade da Facultade, o que implicaría un paso máis, ao tempo que facer unha simplificación do proceso, para acadar e garantir a calidade do propio centro e dos estudos que nel se imparten.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no

título.

- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

A valoración sobre a aplicación do SIGC é moi positiva xa que o sistema como se indicou, permite a detección de problemas, así como un seguimento real das diferentes medidas a adoptar para unha mellora efectiva do Grado de Historia da Arte, así como a revisión e actualización, en caso de ser necesario dos diferentes procedementos cos que se actúa nel ou dos diferentes actores que participan nela

Pero esta cultura de calidade que é unha realidade nos títulos da Facultade de Xeografía e Historia e, en concreto no Grado de Historia da Arte, se vai adaptando e simplificando coa elaboración de nova documentación que desde finais de 2019 entra en funcionamento

Valoración:

A valoración sobre a implantación do SIGC é positiva, xa que o mantemento dunha serie de procesos no título, mellorou o seguimento do mesmo, á vez que as accións de mellora que non pódense implantar.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

A cultura de calidade está perfectamente arraigada na Facultade de Xeografía e Historia da que depende o título, arraigo que contribúe a entender a frecuente actualización de documentos relacionados con este proceso. Ou neste aspecto tamén se pode sinalar a creación do Comité Consultivo Externo.

Do mesmo xeito mostra de revisión é o feito da estabilización producida nos procedementos do Grado, tal e como o mostran os índices de Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade, na que se alcanza un 3.5, fronte ao 3.67 do curso anterior (IN15G), traxectoria que se inviste aínda que tamén lixeiramente nos índices de Satisfacción xeral dos egresados coa titulación 3.64 fronte a un 3.54 (IN42G).

Valoración:

Pódese afirmar que o centro conta cunha cultura de calidade consolidada que lle permite aplicar diferentes melloras.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

Como nos anos anteriores o profesorado que imparte docencia no Grado ten unha ampla experiencia, e todos eles, do mesmo xeito que sucedía en cursos anteriores, teñen a condición de doutor, alcanzando o índice, polo tanto, o 100% (IN25G). Igualmente é esta ampla experiencia o que fai que máis dun 96% conte con sexenios de investigación, igual que sucedía no curso anterior (IN24G); este equilibrio na condición do persoal docente, no que se manteñen as mesmas cifras que nos cursos precedentes vese alterado na que determina o número de persoal funcionario, no que se produce un lixeiro descenso este curso no que se alcanza un índice del 73.53, fronte ao 76.47 do ano anterior (IN26G). Descenso que atopa a súa explicación no feito das xubilacións dos docentes e a escasa taxa de reposición en materia de funcionario que se produce a todos os niveis na Universidade de Santiago.

Pero dentro desta análise tamén hai que ter en conta, xunto co perfil do profesorado implicado na docencia, a media de alumnos por grupos teóricos, no que se observa un lixeiro descenso, alcanzando este ano 65.42, fronte ao 66.18 do ano anterior (IN31G). Tendencia que tamén se destaca máis claramente nos grupos de prácticas nas que se obtén unha diferenza de menos de catro puntos, obtiéndose este ano un 27.77 fronte a 31.47 do anterior (IN32G), variacións que se explican polo descenso producido nas prazas ofertadas. E que tamén tende a explicar os datos que se extrapolan da Media de Alumnos matriculados en materias de formación Básica e Obligatorias por grupo de teoría, na que se alcanza 72.15 (IN55G), ou os matriculados en materias optativas, en grupos de teoría, nos que se alcanza 31.25 (IN56G)

Outros dos elementos que son convenientes de analizar neste apartado é a Satisfacción dos alumnos coa docencia recibida, no que se alcanza, un 3.99, sobre 5 (IN46G) ou o de Satisfacción dos profesores coa docencia impartida no que se experimenta unha modificación ao alza, obténdose un 4.19 sobre 5 (IN47G).

Restaría por indicar dentro do análisis a realizar do PDI que participa no Grao de Historia da Arte a satisfacción media coas actividades de formación desenvolvidas, no que se observa unha tendencia que continúa tendo unha liña descendente, e que este ano presenta valores de 4.29, sobre 5, fronte aos 4.39 do curso anterior, tendencia que pode ter a súa explicación no mantemento do programa de formación constante, pero no que se varían pouco os cursos, para que se poda optar a outros no caso do personal que xa os realizou con anterioridade (IN28)

Valoración:

En función dos datos apuntados pódese extrapolar que o profesorado do Grado de Historia da arte, é un persoal docente cualificado, implicado e motivado coa docencia que imparte. Iso é o que causa a implicación do profesorado nunha situación de funcionariado, e dun persoal que na súa totalidade conta co título de doutor, o que constitúe un valor en alza dos recursos humanos

É tal vez esta situación de consolidación do persoal, o que fai que non se produza unha significativa participación do mesmo nos cursos de formación, xa que este sistema ten unha escasa repercusión curricular en profesores consolidados ao tempo que o que xa se sinalou de reiteración de cursos no programa de formación, á vez que a carga docente destes, ao non cubrirse as prazas vacantes provocadas polas xubilacións durante anos, comeza a ser elevada.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

O personal de apoio que participa no título é suficiente para atender as necesidades do mesmo. Está composto, tal e como figura na web do centro, por doce membros entre os que recaen as funcións de apoio e de xestión administrativa do centro (persoal de servizo 4; persoal de decanato.- 2; persoal de administración nos departamentos.- 3; persoal de xestión económica.- 2), complementándose este personal co que desenvolve a súa actividade na Biblioteca da Facultade, no que realizan a súa labor tanto personal técnico como auxiliar (10 membros) (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeo/historia/pas.html>.)

Este personal conta, ao igual que no caso do PDI cun programa de formación propia, no que se observa unha clara tendencia descendente en canto a satisfacción media coas actividades formativas, no que se alcanza para este curso un valor de 7.84, sobre 10, mentras que o curso anterior, presentaba 3.99, sobre 5 (IN29) programa polo que por medio dos cursos ofertados se realiza a súa actualización laboral.

Tamén é importante neste apartado ter en conta os datos reportados pola satisfacción dos egresados cos servizos, nos que se observa unha melloría co respecto ao ano anterior, superándose este ano os catro puntos sobre 5 (4.03) (IN33G).

Valoración:

En función dos datos reseñados a Facultade conta cunha plantilla de persoal de administración e servizos suficientemente preparada para atender as necesidades do título. Igualmente temo que indicar que esta considerase altamente positiva, pola súa alta cualificación e experiencia.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

A docencia do Grado desenvólvese na Facultade de Xeografía e Historia. Edificio que reúne, malia tratarse dun edificio histórico as condicións adecuadas para a impartición do mesmo. É esta condición de inmoble histórico o que leva a limitar as accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase desenvolvendo o plan director para a súa rehabilitación e xestión integral.

O edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espazos as diferenzas de accesibilidade.

O edificio dispoñe de 19 aulas e 8 seminarios (<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/infraestructuras.html>). Todos eles están dotados de sistemas de videoconferencia multipunto, ordenador e cañóns de proxección múltiple, proxección dixital, conexión a internet e conexión wifi. Así mesmo cóntase cun laboratorio, un aula de Cartografía, dúas aulas de informática (57 postos), un laboratorio técnico de prehistoria, un aula do Master en Historia Contemporánea. Todas estas instalacións complementáanse coa existencia de salas de traballo en grupo e de traballo individual.

Tamén conta cunha importante biblioteca (<https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/xehisto/>).

que consta de 447 postos de lectura, en constante crecemento, tal y como se manifesta nos Recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria, que neste ano incrementáronse, no que respecta a monografías en 1332 volumes, quedando os fondos conformados por 137848 monografías, outro material non librario (microfilms, dvds, mapas ...) 4473; e publicacións periódicas 3186; Fonte.- Informe Biblioteca da Facultade). Institución que aporta a posibilidade de contar co apoio das bibliotecas de outros centros e dos servizos centrais (<https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/>).

Xunto con estas infraestruturas e recursos, tamén é necesario indicar neste apartado os servizos disponibles na facultade para que os alumnos podan realizar as prácticas académicas externas en diferentes institución para os que se asinan mais de cuarenta convenios con diversas institucións o empresas de Galicia (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Convenios-de-practicas-externas-2019.pdf>)

Do mesmo xeito que no ítem anterior, tamén é conveniente sinalar o crecemento do indicador de Satisfacción dos egresados cos servizos, nos que se superan os catro puntos sobre un total de cinco (IN33G)

Valoración:

A valoración de recursos materias, infraestruturas e servizos con que conta o Grado de Historia da Arte, é altamente positiva, xa que é fruto dun proceso continuado dende a súa creación, e aínda que nos últimos anos sufriu un pequeno retroceso a consecuencia, da crise económica aínda que non lle afectou tanto como a outros sectores universitarios.

Boa proba de esta valoración positiva é o ítem da Satisfacción dos egresados cos servizos, nos que se superan os catro puntos.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

Todas as actividades, metodoloxías e sistemas de avaliación das materias que integran o Grao de Historia da Arte, relaciónanse coas competencias que figuran na Memoria do Grao e que os alumnos deben de adquirir a medida que superan os sucesivos cursos. A información figura detallada en cada unha das programacións/guías docente das materias, o mesmo que os obxectivos que persegue cada unha delas (<https://www.usc.gal/gl/centros/xeahistoria/programas.html?plan=12734>).

De igual modo que nas diferentes programacións estes valores pódense extrapolar co alto número de TFG que os alumnos defenden neste curso académico, un 71% dos traballos matriculados, un total de 74 sobre 110 matriculados e coa puntuación que obteñen, xa que maioritariamente obteñen unha nota igual ou superior a 8: un 61% dos traballos presentados. (Informe. Resultado das cualificacións dos traballos fin de Grao do curso 2018-19.

https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Resultados-2018_19.pdf)

Outro dos elementos que nos pode servir de análise neste caso son os resultados de determinados indicadores, nos que con pequenas fluctuacións, características deste tipo de estudos, se denota, do mesmo xeito que sucedía con outros un principio de estabilidade significativo nas formulacións do Grao; así na Taxa de rendemento, alcázase un 75.02, fronte ao 76.47 do curso anterior (IN34G). Esta tendencia que se inviste no determinado pola Taxa de éxito, que presenta un valor de 87.98 fronte ao 86.98 (ING35) ou no de Taxa de avaliación no que nuevamente se denota un lixeiro descenso respecto de os niveis do curso anterior: 85.27 fronte a 87.94 (IN36G).

Valoración:

Os resultados que se extrapolan dos datos analizados manifestan que os obxectivos e as competencias da titulación alcázanse dun modo adecuado, e nestes, do mesmo xeito que nos restantes que afectan a esta titulación se observa, con pequenas fluctuacións un equilibrio dos datos que determina a estabilidade dos estudos que xa están consolidados dentro da fase de madurez.

Xunto con isto unha proba fundamental para determinar que isto se alcanza, esta constituída polo indicador de lectura e defensa de TFG, xa que estes son o compendio das competencias adquiridas polos alumnos aos longo dos seus estudos de Grado, así como do cumprimento dos obxectivos propostos na aprendizaxe.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

Son numerosos os indicadores que podemos analizar para valorar este criterio. Na Memoria de verificación do título, prevíase para estes estudos unha Taxa de eficacia próxima a un 90%, previsión que case se alcanza, como se indicou na Taxa de éxito, na que tras unha lixeira subida, con respecto ao curso anterior, experimentouse un valor dun 87.98 (IN35G).

Igualmente outro dos valores que se pode analizar neste marco é o de Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade, no que se denota un lixeiro descenso con respecto ao curso anterior, e no que se alcanza un 3.5 fronte ao 3.67 (IN15G). Tendencia que se inviste na Taxa de graduación na que se produce un ascenso de case oito puntos, de 51.61 o curso anterior a 59.22 (IN37G); tendencia que tamén se observa na duración media dos estudos, nas que hai incremento aínda que menor que no caso anterior, presentando este curso un 4.72 fronte ao 4.61 (IN38G).

Incremento que se constata de forma máis evidente na Taxa de abandono durante o primeiro curso no que se alcanzan case 5 puntos máis que o curso anterior (17.2, fronte a 12.37) (IN40G), pero non na Taxa de abandono do RD 1393/2007, no que se produce un descenso de case tres puntos con respecto ao establecido no anterior curso 27.18, fronte ao 30.11 (IN41G). Descenso tamén presente, aínda que máis lixeiro que neste caso, na Taxa de Idoneidade na graduación, na que se alcanza 33.98, fronte ao 35.48, (IN51G) ou na Taxa de eficacia na que os valores atópanse no 90.27 fronte ao 92.51 (IN53G).

Descensos que con todo non se denotan naqueles que gardan relación coa satisfacción dos actores principais da titulación nos que sempre se evoluciona dunha forma positiva: Satisfacción xeral dos egresados coa titulación: 3.64 fronte a 3.54 (IN42G); Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 3.99 fronte a 3.98 (IN46G), e Satisfacción do profesorado coa docencia impartida 4.19 fronte a 3.94 (IN48G).

Valoración:

